

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 05/04/1978**

**Colección:**

**Data:** 05/04/1978

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Ramón Piñeiro;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

Historia; Plebiscito de 1936; Política; Preautonomía en Galicia;

**Mencionados:**

Xosé Abraira; Domingo García-Sabell; Isabel López García; Valentín Paz-Andrade; Antonio Rosón; Maruxa Seoane;

---

## **Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 05/04/1978**

Buenos Aires, 5 de Abril de 1978

Sr. D. Ramón Piñeiro  
Santiago

Querido Piñeiro:

Recibín os recortes que me enviaches e unha nota na que evocas o plebiscito do 36. Pasaron, efectivamente, 42 anos dende entón e si ben a idea da autonomía é mais popular, matino, en troques, que as testas que a sosteñen son menos sabias, senón, ¿cómo é posible que o descoñecido señor Rosón, do que falan mal politicamente seus veciños emigrantes, sexa presidente da Xunta de Galicia, e non

tí, que tanto traballaches nun medio tan difícil como o universitario durante trinta anos, ou Domingo, cuas dotes políticas eu coñezo dende a época da F.U.E. e cuas labores de ensaísta, de conferenciante, etc., feitas tamén dende entón é a máis importante da súa xeración, e tamén é un parlamentario? ¿É que Galicia vai ter sempre en cada unha das provincias catro ou cinco concellos de cuos votos poder dispoñerse en unha elección para erguer a categoría de parlamentarios a calquera? É posible que dentro dun ano Galicia teña a súa autonomía. Mais ¿terá de ser con xente como a que agora compón a súa Xunta? Fágache estas preguntas, non as contestes si queres. Eu, logo de ter traballado case soio, sen medios, eiqúí, e feito moitos plans que nunca se cumpriran para alí, xa non espero nada senón o continuar grabando e pintando que parece ser o meu. Tampouco estou xa seguro. Agradezoche os recortes. Hoxe recibín o número 3 de A Nosa Terra, seguramente porque trae unha carta do lector Xosé Abreira, referíndose a A Nosa Terra de Buenos Aires, unha caricatura de aquela feita polas Irmandades da Fala e logo do Partido Galeguista. Ou cecáis para que vexamos como se meten con Valentín, porque a historia da vida dos homes non conta. Unha gran aperta para Isabel, Sara e tí de Maruxa e miña:

[Escrito a man]

Agradezoche moito o envío dos recortes e a única información miña de Galicia.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.